

Ola de novo a todos os nenos/as e familias!

Nesta nova semana, dende o Departamento queremos facer chegar o noso ánimo e apoio a todos e todas vós.

Como vimos facendo, desta volta achegamos xogos e actividades, que esperamos que poidan axudar a levar mellor este momento, en que por uns días, nos toca seguir quedando na casa.

Como veredes case ao remate, nesta ocasión volven as nosas "Vitaminas para o cerebro" coas que, seguro que pasaredes un tempo enredando en familia.

Lembrar tamén, que sempre que o precisedes, non dubidedes en contactar con nós, polos medios que xa se viñan utilizando.

Desta volta, pedirvos tamén que agardedes, só un chisquiño máis aprendendo na casa.

Apertas grandes e saúdos para todos/as!! E vémonos navegando nuns quince días!

O Departamento de Orientación

RECURSOS DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN 5

Nesta nova semana, queremos animarvos a que continuedes aprendendo *en familia* compartindo ideas, actividades e responsabilidades na casa e coma sempre lembramos, *falando* sobre cómo nos sentimos e atopamos no día a día.

Por iso, unha proposta moi divertida e coa que seguro que moitos/as de vós xa *enredastes* nalgunha ocasión, é a **papiroflexia**.

Unha palabra moi longa e complicada, non si? Pois non vos preocupedes, que só necesitamos folios ou unhas follas de revistas ou catálogos que teñamos á man, un chisco de imaxinación e... a encartar!!.

Se queredes, podeades comezar con algo sinxelo coma avións, barcos ou gorros para logo, ir *complicando a cousa* cunha paxariña ou outras propostas coma as que aparecen no enlace. Esperamos que vos gusten!

<https://www.sectormatematica.cl/origami.htm>

Ademáis, cos tapóns plásticos e as caixas de cartón que nalgún momento poidamos ter na casa, sabedes que podemos *fabricar* os nosos **xogos tradicionais** coma o *Tres en raia* ou tamén compoñer palabras e números.

Coma vedes, as posibilidades son moitas, pero hoxe propoñemos que maiores e pequenos/as asistades a unha *sesión especial* de **teatro**, que terá coma escenario nada menos que... unha CAIXA de cartón:

<https://ideasdealypt.wordpress.com/2016/10/09/teatro-con-caja-de-carton/?fbclid>

Desde aquí, animamos tamén a que sigades LENDO por un ratiño, contos que teñades na casa ou as historias que fostes recollendo ao xogar co *cubo*... Lembrades?

Así, cando moi pronto esteamos de volta, teremos moito que contar a todos os compañeiros/as, e por suposto, á nosa **Cascarilla** que coma moi ben sabedes, ten un montón de recursos agochados no seu baúl!!.

Para que sigades a *investigar*, desta volta achegamos ideas coas que aprender e tamén **Medrar en galego**:

<https://www.lingua.gal/recursos/para-medrar-en-galego>

Asemade para axudarnos niso de *Medrar*, seguimos á procura de novos *enredos* coa **LINGUAXE**.

Seguide a recompilar e escribir os vosos *refráns e adiviñas, ditos e cancións* en galego, así coma algunha **receita** dos vosos maiores que aproveitarades para cociñar xuntos, coas que aprender tamén moitas palabras novas.

Para que dar un pequeno *empurrón* aos que aínda non se animaron a probar, aí tedes unhas propostas sinxelas en **pictogramas**, coas que os máis pequenos/as poidan participar:

http://www.arasaac.org/materiales.php?busqueda=basico&buscador=1&titulo_d_escrpcion_basico=recetas+de+cocina&autor

Ademais de cociñar e outras actividades que estamos facer, nestes días é normal ter algo *liadas* as nosas **emocións**; para axudar aos máis cativos a que as expresen, achegamos un *loto-memori* co que acadar novo vocabulario:

http://www.arasaac.org/zona_descargas/materiales/1838/Loto_Memory_Las_e_mociones.pdf

Non esquecemos hoxe, facerlle un *oco* ás actividades e curiosidades **MATEMÁTICAS**.

Coma primeira idea, que tamén podedes resolver ou *fabricar* todos/as xuntos, están os **puzzles**.

Máis alá dos que xa teñades, unha forma moi sinxela e divertida de crear un é pegar nunha cartolina ou papel groso fotografías de animais, paisaxes, personaxes que atopemos en revistas ou que incluso debuxemos nós mesmos/as.

Logo marcamos, coa regra e lapis, a cuadrícula co número de *pezas* que queremos que leve, recortamos a modiño coas tesoiras, coa axuda do adulto se se precisa, e... listo para xogar!

Para os que prefirades a versión *virtual*, achegamos tamén un enlace para consultar:

<https://www.mundoprimaria.com/juegos-educativos/juegos-puzzles-gratis>

Como estamos case seguras de que vos intrigaron moito, nesta ocasión tamén engadimos unhas poucas **Vitaminas para o cerebro:**

1. En Melilla hai tres, en Madrid ningunha, en Castela dous e en Galicia unha, que é?
2. ¿Cal é o país que ten nome de sobremesa?
3. ¿Canto tempo se precisa para cocer un ovo duro?
4. Teño un reloxo que non podo poner, ¿Por qué?
5. ¿Cal é a metade de un?
6. Se estás a participar nunha carreira e adiantas ao segundo, ¿en qué posición rematarás?
7. Nome da flor coas 5 vogais.
8. ¿Quen é o que bebe polos pés?
9. ¿Quen é o que pode falar todas as linguas?
10. ¿Cal é o vexetal que lido do revés, troca en animal?

Esperamos que atinarades moitas! Pero novamente, toca agardar... **en quince días teredes as solucións!!**

Non queremos rematar a nosa proposta de hoxe, sen facervos saber que **o estades a facer moi ben, e que só nos quedan xa algúns pasiños máis...**, pero mentres tanto, lembrade que axuda un ratiño diario de *exercicio* para o que podedes usar o espazo **Educlan**, onde en próximos días se incluírán este tipo de actividades, da man de deportistas recoñecidos.

E non hai que olvidarse, duns intres para descansar e *relaxarnos* SEMPRE que se precise, ao longo do noso día.

RECURSOS DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN 6

Logo de quince días, xa estamos de volta con todos e todas vós ¡¡

Pasiño a pasiño imos deixando atrás esta situación, e como sabedes, dende hai uns días xa podemos saír da casa, aínda que sea por un ratiño cada día.

Como vos foi nese primeiro día? Seguro que todos/as pasástelo moi ben ¡

Como estamos segurísimas de que sí, para *contarnos* todo á volta vos propoñemos algunha idea:

- ✓ Debuxade ese día: con quen iades, se fostes camiñando ou coa bici...e todo o que vos apeteza¡
- ✓ Se alguén se anima máis coa escrita, recollédeo nunha pequena historia, algunha viñeta, ou cunha carta en galego ou postal para a nosa **Cascarilla**, que seguro que se pon moi contenta¡¡
- ✓ Os que teñades algunha fotografía, deses momentos nos que saídes, ide recolléndoas tamén, para velas todos xuntos/as á volta.

Ademáis, lembrade deixar outro momentinho do día para seguir LENDO, conversando e xogando en familia, porque así logo teremos moitas cousas divertidas que contar...

Como vos propuxemos ao longo destas semanas, continuade recollendo e inventando as vosas **cancións**. Cando cantamos e bailamos, facemos exercicio pasando un rato divertido, pero tamén axudamos a manter o ánimo ben arriba!!

Por iso, para estes días achegamos novas propostas como o **Galeoke** ou **Bailamos no salón**, para coma sempre, pasalo moi ben xuntos/as:

<https://aulasgalegas.org/ideas-para-divertirse-en-familia/>

<https://aulasgalegas.org/bailamos-no-salon-por-pesdelan/>

Logo de mover o corpo, e coma sabedes que nos gustan os *enredos* para pensar, cumprindo co prometido aí tedes as **solucións** das nosas derradeiras **Vitaminas para o cerebro**:

1. A letra do L.
2. Macedonia.

3. Nada, porque xa está cocido.
4. Porque é de parede.
5. O ombligo.
6. De segundo.
7. Orquídea.
8. A árbore.
9. O eco.
10. O arroz.

Comprobade ben, que seguro que atinastes un montón ;

Para seguir *entrenando* un pouco máis nisto de *pensar*, aquí vos deixamos algunhas ideas para estes días:

<https://www.savethechildren.es/actualidad/entrenamos-la-mente-7-actividades-para-hacer-en-casa-con-ninos-y>

Por outra banda, en toda esta situación todos/as nós, familias e nenos/as, atopámonos con moitos cambios no día a día, tendo que atender tamén ás distintas recomendacións a seguir en cada momento, como por exemplo coa chegada dese tempo diario de paseo cos nenos/as; por iso pensamos tamén en xuntarvos nesta ocasión, algúns **consellos** que vos poidan ser de axuda ou **materiais** informativos dos que poder botar man, para resolver as vosas dúbidas:

<https://www.savethechildren.es/actualidad/coronavirus-diez-consejos-ayudar-ninos-comprender>

Se o preferides en formato VÍDEO: <https://youtu.be/7nY8PwgrBDI>

Respecto das saídas á rúa cos nenos e nenas, achegamos GUIA de recomendacións e *boas prácticas*, que nalgunha ocasión nos poidan ser de axuda neste sentido.

Asemade, vos facemos chegar este novo espazo informativo de Autismo Galicia <http://infocovid.autismogalicia.org/> no que co gallo da actual situación, a asociación inclúe moitos recursos como *anticipacións* en pictogramas, normativa legal ou a sección **TEA consellos** con recomendacións de interese

para mellorar o sono, para o tempo de lecer na casa ou xestión dos momentos de ansiedade que poidan xurdir, entre outros aspectos.

Por último, como axuda para que os máis pequenos/as se animen a falar do que está a *pasar coas súas emocións* nestos momentos, achegamos un **vídeo conto** co que podedes ler xuntos/as, esperamos que vos guste!

https://www.youtube.com/watch?v=SeQs_5kEyuY

Queremos enviar a todos e todas vós, moitas apertas e novos ánimos porque, aínda que non esteamos *coma sempre*, só precisamos un chisco máis de paciencia porque coma vedes...# **estámolo conseguindo**

Nuns días, estamos *navegando* por eiquí de novo ¡¡

Departamento de Orientación

